

Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES PARA ENTREGA DE DESFIBRILADORES DURANTE O EXERCICIO 2019

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN NÚM. 2019010299 DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DO 29 DE MAIO DE 2019, NO QUE SE APROBAN AS BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES PARA ENTREGA DE DESFIBRILADORES DURANTE O EXERCICIO 2019

BDNS(Identif.):461625

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b, 18 e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Mediante a resolución núm. 2019010299 da Presidencia da Deputación de Pontevedra, do día 29 de maio de 2019, aprobáronse as Bases e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes para entrega de desfibriladores durante o exercicio 2019, publicadas e dispoñibles no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), e na sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>).

PRIMEIRO. BENEFICIARIOS

Os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de menos de 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo.

SEGUNDO. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto regular a concesión de subvencións en especie consistentes na entrega aos concellos beneficiarios de desfibriladores semiautomáticos externos (DESA), cuxa adquisición se fará pola Deputación de Pontevedra, quen financiará ata o 100% dos gastos que se xeren, durante a anualidade 2019, para a súa colocación en edificios, instalacións, equipamentos ou espazos de titularidade municipal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:K1L455Y6K3ZBL2I



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

TERCEIRO. BASES REGULADORAS

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e rexeranse polas Bases aprobadas pola resolución núm. 2019010299 da Presidencia da Deputación de Pontevedra, do día 29 de maio de 2019.

O seu réxime xurídico axustase ao disposto nas devanditas bases, e no disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia, nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, e demais normativa aplicable.

CUARTO. CONTÍA

Disponse de crédito na aplicación 19/942.9420.762.50, dotada con cincuenta mil (50.000,00 €) euros. Poderáselle esixir ó Concello que cofinancie, como máximo, ata o 50% do custe do desfibrilador, no seu caso.

QUINTO. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

SEXTO. FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación realizarase de xeito telemático a través da sede electrónica da Deputación, (<https://sede.depo.gal>) (SIA 2093072) na que se atopan dispoñibles os modelos normalizados de solicitude, e que se presentarán acompañados da documentación esixida na base novena das reguladoras da convocatoria. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido e de acordo cos requisitos esixidos nas bases.

SÉTIMO. OUTROS DATOS

- Procedemento de concesión: concorrencia non competitiva de acordo cos criterios de concesión e cuantificación que se recollen na base sexta das reguladoras.
- Compatibilidade: Si
- Cofinanciamento: Si
- Forma de pago: Subvención en especie
- Forma de xustificación: mediante a achega da correspondente Acta de Entrega e a demais documentación xustificativa prevista nas bases décimo sétima e décimo oitava das bases reguladoras.

Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

- Prazo máximo de execución: 31 de decembro de 2019.
- Prazo máximo de xustificación: No prazo dun mes dende a sinatura da Acta de Entrega.

Pontevedra, 10/06/2019

A Presidenta, M.^a del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: K1L455Y6K3ZBL2I

